

PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS:

Será unha acción de dinamización lectora e como estimulación de novas formas de aprender e de transformar a información en coñecemento, como queda reflectido no apartado dedicado á dinamización: educación para o acceso á educación documental, aprendendo a quedarnos co que realmente é importante e eliminar a información superflua, sendo críticos coa antedita información, ademais de favorecer o traballo colectivo.

Aprenderemos a localizar información a través de distintos soportes e materiais, desenvolvendo as competencias lectoras en todas as áreas do coñecemento de libros de ficción, de información e outros documentos.

Neste curso 2021-2022 desenvolveremos o noso PDI como continuidade destes nove cursos anteriores de experiencia Plambe, no que maioritariamente, o Claustro do Profesorado, avaliou moi positivamente nas súas memorias, o traballo desenvolvido dende a biblioteca.

Así dispoñémonos a continuar as viaxes emprendidas no:

Sueiriño I (curso 2011-2012), "Os romanos chegan a Ourense",

Sueiriño II (curso 2012-2013), "As froitas navegan polo mar da saúde",

Sueiriño III (curso 2013-2014) "Benvida a vosa merced ao reino de Leo".

Sueiriño IV (curso 2014-2015), " Mergúllate nun mar de números ".

Sueiriño V (curso 2015-2016) " Galicia arrecende a aventura ".

Sueiriño VI (2016-2017) "O Sueiro onde a lectura é arte".

Sueiriño VII (2017-2018) "O Sueiriño, cada latexo un pensamento".

Sueiriño VIII (2018-2019) "Pasaxeiros con destino a Dinamarca... última chamada".

Sueiriño IX (2019-2020) "Cidadanía, igualdade integración... Valores do planeta son".

Sueiriño X (2020-2021) "Laboratorio Sueiro. Campaña de vacinación contra a COVID... Emocións".

Sueiriño XI (2021-2022) "O Sueiriño a diversidade respecta, traballemos a prol do planeta".

Este curso 2022-2023 o noso proxecto número XII será **"NO SUEIRO O PLANETA TEN MELLOR PINTA PORQUE TRABALLAMOS EN CONXUNTO A AXENDA 2030"**.

EDUCACIÓN INFANTIL

“ OS SUEIRIÑOS COIDÁMONOS”

Neste curso, o P.D.I. estará centrado nos obxectivos do desenvolvemento sostible 2030. No caso de Educación infantil en concreto traballaremos o obxectivo número 3 “Garantizar una vida sana y promover el bienestar para todos en todas las edades”.

A través deste obxectivo trataremos de concienciar os nosos nenos e nenas da importancia de levar unha alimentación saudable e unha adecuada hixiene para a nosa saúde e benestar xeral .

Traballaremos a partir de contos como:

- “Marceliña na cociña” de Gracia Iglesias.
- “La huerta de Simón” de Kalandraka.
- “La comida de Lulú” de Camilla Reid.

OBXECTIVOS:

- Adquirir unha serie de normas básicas relacionadas coa adquisición de hábitos alimenticios.
- Establecer hábitos de hixiene relacionados coa alimentación: lavar os dentes despois das comidas e as mans antes e despois de comer.
- Valorar a importancia do exercicio físico como fonde de saúde.
- Recoñecer alimentos saudables e non saudables.
- Identificar profesionais relacionados coa alimentación e hixiene.
- Valorar a importancia das emocións para o benestar xeral.

ACTIVIDADES:

- Elaboración de receitas sinxelas a través de debuxos.
- Elaboración de murais coa gastronomía propia.
- Facer unha roda dos alimentos.
- O taller dos sentidos.
- Degustación de froitas.
- O día da alimentación faremos unha merendola con todo o alumnado na que faremos unha receita propia.
- Visita dunha hixienista bucal para falar da importancia da hixiene dos dentes.
- Cancións.
- Poesías, adiviñas relacionadas coa vida saudable.
- Rutinas e hábitos de hixiene diarios na aula.
- Xogos adaptados con diferentes alimentos.
- Clasificación de alimentos en saudables e non saudables.
- "Xogos de memoria" Imprimir fotografías relacionadas cos alimentos e poñelas boca abaixo e levantar de dúas en dúas as que sexan iguais
- Plantar na horta fresas e árbores frutais.

Avaliación:

Será continua, baseada na observación diaria, mediante a recollida de datos segundo un rexistro de ítems. Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me).

Avaliación profesorado:

	S	N	Me
A experiencia resultou satisfactoria?			
Cal foi o sentir do alumnado?			
Os nenos/as foron protagonistas?			
Participaron as familias?			
O alumnado expuxo o seu proxecto?			
Foi axeitada a temporalización?			
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?			
As actividades resultaron atractivas?			
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?			
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?			
Desenvolvemos os obxectivos iniciais?			
O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado?			

Avaliación do alumnado:

	S	N	Me
A experiencia resultouche satisfactoria?			
Te consideraches que fuches o protagonista da actividade?			
A túa familia axudouche a entender os libros?			
Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as?			
Deuche tempo a ler cada un dos libros?			
Fuches capaz de resolver os problemas que se lle presentaban a cada un dos personaxes?			
Gustáronche os libros?			
Serías capaz de aplicar o que aprendiches para conseguir novos amigos/as?			
Gustouche a maneira de traballar os contos a través do diálogo e o intercambio cos compañeiros/as?			
Resultouche interesante o que liches nos libros?			

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º de E.P.

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA: "ODS Nº 2: FAME".

Ao longo do presente curso traballaremos no PDI do centro os obxectivos de desenvolvemento sostible. O alumnado de primaria pescudará sobre o obxectivo nº 2: "Fame cero".

Para isto, investigaremos, leremos, visualizaremos e pensaremos sobre o significado deste obxectivo e a súa relación cos demais obxectivos, así como: o consumo responsable; a importancia dunha dieta equilibrada; e o consumo de produtos locais e de tempada.

Coa intención de traballar estes conceptos de maneira atractiva propómonos empregar distintos soportes e tipos de actividades,

Asemade, realizaremos varias actividades onde o traballo final sexa unha posta en escena deste contidos con diferentes técnicas: teatrillo de monicreques, presentacións, cómic, libro ilustrado, soundcloud, stop motion, realidade aumentada, códigos QR, gamificación...

Para a realización do proxecto utilizaremos a secuencia:

Que sei?	Que quero saber?	Onde me informo?	Fonte. Anoto a información
----------	------------------	------------------	-----------------------------------

Obxectivo xeral:

- Fomentar hábitos de alimentación e consumo razoables.

Obxectivo específicos:

- Mellorar a lectura e a comprensión lectora a través de diversas e variadas lecturas.
- Coñecer lugares emblemáticos da nosa cultura.

- Recitar poemas con boa entoación.
- Valorar a importancia dunha alimentación saudable.
- Extraer información a partir da lectura de textos informativos relacionados co tema.
- Desenvolver hábitos axeitados de manipulación de libros informativos en diferentes soportes.
- Pescudar información relacionada co ODS nº 2.
- Procura de información na internet, con axuda de persoas adultas: imaxes relacionadas co ODS nº 2.
- Realizar un álbum ilustrado sobre este ODS.
- Empregar este ODS para realizar actividades transversais.
- Reforzar a autoestima do alumnado ao comprobar e dar a coñecer aos demais o que saben.

Contidos:

- A fame no mundo.
- A importancia dunha alimentación saudables.
- Consumo responsable.
- Produtos locais e de proximidade.
- O horto escolar.
- Realidade aumentada e códigos QR.
- O cómic e o teatro de monicreques como elemento de expresión.
- Ilustración de textos escritos.
- Xogos de linguaxe. Gamificación.
- Creacións audiovisuais.

Actividades:

- Elaboración dun mural sobre a fame no mundo.
- Realizar un libro coa información obtida sobre alimentación saudable.
- Lectura comprensiva destes sobre o ODS nº 2.
- Ilustración gráfica das historias traballadas na aula.
- Elaboración dun álbum ilustrado.
- Compilación nun libro web de todo o traballado sobre ese ODS.
- Memorización e narración de historias.
- Recollida de información sobre diversos aspectos traballados (costumes, xeografía, personaxes,..)

- Realización dun LIM sobre a creación dun horto escolar.
- Emprego da biblioteca do colexio na pescuda de información.
- Facer que todos os cartaces realizados sobre o tema ofrezan información por técnicas de realízade aumentada ou códigos QR.
- Realizar actividades de gamificación sobre as biografías traballadas con Kahoot.
- Crear unha curta onde se reflictan os contidos traballados neste ODS.

Temporalización:

O proxecto de desenvolverase durante todo o curso. O alumnado terá que familiarizarse tanto coas TICs como co traballo en equipo de maneira participativa. Durante o curso desenvolverán progresivamente as destrezas necesarias para utilizar con autonomía as TICs na procura, selección e procesamento da información.

Dedicarase 1 sesións semanal, cando menos, á realización do proxecto.

Atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe e á diversidade de alumnado, algúns grupos requirirán un tempo extra para realizar o traballo, tempo que teremos en conta e respectaremos.

Os grupos variarán en función das actividades para desenvolver tendo en conta as situacións de grupo aula, de traballo en parellas, traballo individual As actividades do proxecto desenvolvéronse tanto nas aulas, como na sala de informática, biblioteca escolar, ...

Ao tratarse dun traballo de exploración, o alumnado terá que manexar diferentes fontes das que extraer a información necesaria para crear a súa liña de tempo. Para iso, fundamentalmente, utilizaremos os seguintes recursos:

- Aula virtual de 1º ED. Primaria.
- Aulas de informática e biblioteca de aula e de centro.

Avaliación profesorado:

	S	N	Me
A experiencia resultou satisfactoria?			
Cal foi o sentir do alumnado?			
Os nenos/as foron protagonistas?			

Participaron as familias?			
O alumnado expuxo o seu proxecto?			
Foi axeitada a temporalización?			
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?			
As actividades resultaron atractivas?			
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?			
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?			
Desenvolvemos os obxectivos iniciais?			
O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado?			

Avaliación do alumnado:

	S	N	Me
A experiencia resultouche satisfactoria?			
Te consideraches que fuches o protagonista da actividade?			
A túa familia axudouche a entender os libros?			
Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as?			
Fuches capaz de resolver os problemas que se che presentaban?			
Gustáronche os materiais traballados?			
Gustouche a maneira de traballar de forma cooperativa cos compañeiros/as?			
Resultouche interesante o aprendido ao longo do proxecto?			

2º de E.P.

“IGUALDADE ENTRE XÉNEROS E EMPODERAMENTO DE TODAS AS MULLERES E NENAS”

O Curso 2022/2023 o P.D.I. do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro centrarase nos obxectivos do desenvolvemento sostible 2030. O grupo de 2º de Educación Primaria vaise centrar no 5º obxectivo na procura dun mundo máis xuto e igual para todos.

Materiais:

Utilizaremos diversos materiais entre os que se encontran os seguintes:

- Libros da hora de ler relacionados coa temática, por exemplo: Pepuka, de Estela Moreno Bermúdez , O libro dos porcos , Rosa Caramelo e Arturo e Clementina de Adela Turín, El cazo de Lorenzo de Isabelle Carrier, Las princesas también se tiran pedos de Ilan Brenman, El lápiz mágico de Malala de Malala Yousaf.....
- Videos didácticos.

Número de sesións e temporalización:

Traballarase dentro da aula en todo momento, pero de forma específica dedicarase media sesión cada semana.

Metodoloxía:

A metodoloxía será dinámica, participativa e lúdica, sen esquecer os nosos propósitos.

Traballaremos alternando a organización do traballo individual, por parellas, en pequeno grupo ou en grupo clase. Contaremos cun recuncho para os materias dentro da aula e cun espazo no corredor para a exposición dos traballos realizados.

A metodoloxía dará resposta aos principios de actividade e motivación, conxugándose co o interese e a intuición.

Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da unión europea:

Esta unidade favorecerá o desenvolvemento das competencias básicas e competencias claves definidas no marco normativo en especial ás competencias sociais e cívicas contribuíndo a que os nosos alumnos na súa vida diaria sexan capaces de acabar cos prexuízos e promover os beneficios da diversidade na sociedade , e dicir a aceptación social.

Obxectivos xerais:

- Ser capaz de desenvolver actitudes de respecto e comprensión ante as diferenzas entre as persoas e as diferentes culturas.
- Promover no noso alumnado valores encamiñados a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas.

Obxectivos específicos:

- Interpretar o que sentimos en diferentes momentos da nosa vida.
- Coñecer e practicar a empatía como instrumento para mellorar a convivencia os demais
- Recoñecer as emocións e sentimentos positivos propios como ferramentas para mellorar a nosa autoestima e autoconcepto.
- Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto a diversidade e no fomento da igualdade .
- Traballar a través das distintas actividades do currículo a importancia da igualdade de sexos.

- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación e igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, e a cooperación.
- Mellorar as relacións persoais entre o alumnado diminuindo os conflitos e o sexismo nas situacións de xogo.
- Utilizar os patios de forma compartida e no excluínte.

Contidos:

1. Diferentes emocións: tenrura , amor, odio, tensión felicidade, tristeza, medo asombro.....
2. As características que definen a persoa: .
3. O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinación e exclusión ^[1]_[SEP]
4. O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia: ^[1]_[SEP]
5. O respecto da diversidade cultural e das tradicións. ^[1]_[SEP]
6. O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero.
7. A cultura da paz e da non violencia. ^[1]_[SEP]
8. O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. ^[1]_[SEP]
9. O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros. ^[1]_[SEP]

Criterios de avaliación:

1. Interactuar cos outros adoptando condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais .
2. Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna.

3. Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza.
4. Amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política .
5. Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero.
6. Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero,

Avaliación:

Será continua e integradora, e dicir atendendo as diferencias entre o alumnado Baseada na observación diaria , cun rexistro de ítems. Na táboa indícanse os seguintes aspectos: S- si, N-non, Me- mellorable

Avaliación profesorado:

	S	N	Me
A experiencia resultou satisfactoria?			
Cal foi o sentir do alumnado?			
Os nenos/as foron protagonistas?			
Participaron as familias?			
Foi axeitada a temporalización?			
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?			
As actividades resultaron atractivas?			
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?			

A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?			
Desenvolvemos os obxectivos iniciais?			
O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado?			

Avaliación do alumnado:

	S	N	Me
A experiencia resultouche satisfactoria?			
Te consideraches que fuches o protagonista da actividade?			
A túa familia axudouche a entender os libros?			
Deuche tempo a ler cada un dos libros?			
Gustáronche os libros?			
Serías capaz de aplicar o que aprendiches para conseguir novos amigos/as?			
Resultouche interesante o que liches nos libros?			

3º de E.P.

"POR UN MUNDO CON MELLOR PINTA , CON LEO TRABALLAMOS A AXENDA 2030 "

Neste curso 2022/2023, o P.D.I. continúa co coidado do medio ambiente e , polo tanto , traballamos diversas áreas para favorecer un mellor estado do noso planeta. Sen embargo a temática neste curso para os alumnos de 3º curso céntrase no VALOR DA AUGA (ODS 6. AGUA E SANEAMENTO) para o noso planeta .

Garantir a dispoñibilidade e a xestión sostible da auga e o saneamento para todas las persoas.

A garantía do subministro de auga en cantidade e en calidade suficientes é fundamental para el desenrolo da sociedade e para a loita contra a pobreza e as enfermidades en calquera parte do mundo. O carácter transversal da auga fai que sexa un recurso fundamental para o desenrolo sostible a nivel económico, social e ambiental.

A auga é, polo tanto, unha realidade económica e un recurso imprescindible no mantemento dos ecosistemas, pero sobre todo é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos.

O grupo de 3º de Educación Primaria vaise centrar en diversas accións que permitirán mellorar o noso medio ambiente, para elo utilizaremos diversos materiais entre os que se encontrar os seguintes:

- Libros da hora de ler durante o curso escolar 2022/2023:

Cuentos para salvar el planeta. Anna Casals y Paolo Ferri,...

Por qué debo ahorrar agua de Jen Green.

La niña que caminaba sobre el agua pero no sabía nadar de Francois Sarano.

Sin agua nada es posible de Christina Steinlein .

Había una vez una gotita de lluvia de Judith Anderson .

El niño que domó el viento de William Kamkwamba y Brian Mealer.

- *Vídeos didácticos.*
- *Visitas didácticas.*
- *Obradoiros e experimentos na clase.*

Número de sesións: Unha por quincena.

Temporalización:

Durante todo o curso en sesións de 50 minutos.

Metodoloxía:

Traballaremos a través dunha metodoloxía activa e do descubrimento guiado, para que o alumno sexa capaz de construír as súas propias aprendizaxes de maneira autónoma. Apoiarémonos na maioría das actividades de soporte escrito, priorizando en todo momento o traballo a través da comunicación oral, axustándonos ás características do alumnado.

Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da unión europea:

O desenvolvemento desta unidade contribuirá ao desenvolvemento do conxunto das competencias básicas e competencias claves definidas no marco normativo, en especial á Competencias sociais e cívicas xa que llos diferentes coñecementos que desenvolveremos e a aplicación dos mesmos por parte dos alumnos na súa vida diaria, dotándolles das estratexias necesarias para unha mellora da convivencia cos demais e con iso un mellor desenvolvemento social e persoal nos diferentes aspectos da súa vida.

Obxectivos xerais:

* Valorar a auga como un recurso necesario e imprescindible para o noso planeta

* *Tomar conciencia da necesidade da auga como recurso limpo e accesible a todas as persoas.*

* *Obter acceso igual de todas as persoas á auga potable.*

** Mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación nas augas e aumentando a reciclaxe da mesma.*

Obxectivos específicos:

- 1. Coñecer o ciclo da auga.*
- 2. Tomar conciencia da necesidade e coidado da auga*
- 3. Reflexionar sobre como podemos contaminar a auga.*

- 4. Tomar conciencia da escaseza da auga.*
- 5. Identificar forma de aforrar auga.*
- 6. Comprender como podemos protexer a auga como recurso.*
- 7. Realizar unha acción de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.*
- 8. Recoñecer a importancia de protexer os recursos no planeta que habitamos.*
- 9. Comprender as consecuencias que ten a explotación excesiva dos recursos naturais no medio ambiente.*
- 10. Promover a nosa capacidade como defensoras e defensores do medio ambiente.*
- 11. Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.*
- 12. Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias*

Contidos:

- 1. Diferentes apartados:*

** ACCESO Á AGUA POTABLE.*

** ACCESOS A SERVIZOS DE SANEAMENTO E HIXIENE.*

** CALIDADE DA AGUA. CONTAMINACIÓN E AUGAS RESIDUAIS.*

** USO EFICIENTE DE RECURSOS HÍDRICOS*

- 2. Os elementos da natureza.*

3. *O medio ambiente: coidado, explotación, biodiversidade,..*
4. *O modelo de consumo responsable.*

Criterios de avaliación.

- 1.-Identificar os elementos relacionados coa auga na natureza e no planeta.*
- 2.-Describir o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.*
- 3.-Realizar unha acción de coidado da auga e do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.*
- 4.-Identificar e recoñecer a importancia de protexer a biodiversidade no planeta que habitamos.*
- 5. Describir as consecuencias que ten a explotación excesiva dos recursos naturais no medio ambiente.*
- 6. Participar na defensa do medio ambiente.*
- 7. Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.*
- 8.-Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias*

Indicadores de logro ou desempeño.

- 1.-Identifica a auga como recurso necesario para os distintos elementos da natureza e do planeta.*
- 2.-Describe o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.*
- 3.-Realiza unha acción de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.*
- 4.-Identifica e recoñece a importancia de protexer a auga e a biodiversidade no planeta que habitamos.*
- 5.-Describe as consecuencias que ten a explotación excesiva dos recursos naturais no medio ambiente.*
- 6.-Participa na defensa do medio ambiente.*

7.-Desenvolve unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.

8.--Promove accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias

Avaliación:

Será continua, baseada na observación diaria, mediante a recollida de datos segundo un rexistro de ítems. Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me).

Avaliación profesorado:

	S	N	Me
A experiencia resultou satisfactoria?			
Cal foi o sentir do alumnado?			
Os nenos/as foron protagonistas?			
Participaron as familias?			
O alumnado expuxo o seu proxecto?			
Foi axeitada a temporalización?			
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?			
As actividades resultaron atractivas?			

Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?			
A metodoloxía de aprendizaxe por proxectos resulta ben?			
Desenvolvemos os obxectivos iniciais?			
O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado?			

Avaliación do alumnado:

	S	N	Me
A experiencia resultouche satisfactoria?			
Te consideraches que fuches o protagonista da actividade?			
A túa familia axudouche a entender os libros?			
Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as?			
Deuche tempo a ler cada un dos libros?			
Fuches capaz de resolver os problemas que se lle presentaban a cada un dos personaxes?			
Gustáronche os libros?			
Serías capaz de aplicar o que aprendiches para conseguir novos amigos/as?			
Gustouche a maneira de traballar os contos a través do diálogo e o intercambio cos compañeiros/as?			
Resultouche interesante o que liches nos libros?			

4º de E.P.

"PARA NON TER UN MUNDO PROBLEMÁTICO

COMBATAMOS AO CAMBIO CLIMÁTICO"

Neste curso, o P.D.I. do centro ten como tema central : Os obxectivos de desenvolvemento sostible. O curso de 4 º de Educación Primaria vaise centrar nas estratexias pedagóxicas para concienciar aos nenos/as sobre os riscos do **cambio climático** e a posta en práctica de accións colaborativas para afrontar os problemas ambientais locais .

A sociedade na que vivimos atópase ante serias dificultades que necesitan dunha urxente intervención. O cambio climático é un dos retos ao que debemos facer fronte, sendo unha prioridade na axenda mundial.

Educación ás futuras xeracións sobre o cambio climático para o **desenvolvemento sostible**, permite abordar este conflito global desde unha perspectiva a medio e longo prazo. Resulta necesario informar aos nenos/as sobre as consecuencias do modelo da sociedade actual e brindar ferramentas para que se constitúan como **cidadáns críticos** e proactivos ante o cambio climático en procura de modelos de actuación para a creación de sociedades ecolóxicas.

Sensibilizar, concienciar e **buscar estratexias** de acción desde a primeira infancia, resulta fundamental para xerar o cambio cultural que o planeta necesita.

Recursos:

O grupo de 4º de Educación Primaria vaise centrar en diversas accións que permitirán mellorar o noso medio ambiente, utilizaremos diversos materiais entre os que se encontraran os seguintes:

- Libros da hora de ler durante o curso escolar 2022/2023: ***Peligro vegetal***. *Ramón Caride*. Anaya; ***Cuentos y teatrillos "en verde"*** *Isabel Agüera*. Narcea.
- Diferentes libros de consulta: ***Cando a Terra esqueceu xirar***. *Fina Casalderrey*. Ed. Sm; ***Cuentos para salvar el planeta*** . *AnnaCasals y PaoloFerri*,...
- Recursos web:
 - [EL VIAJE DE KIRIMA \(VIDEO\) - Bing video](#)

- https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Endangered_arctic_-_starving_polar_bear.jpg
- <https://www.pexels.com/photo/climate-cold-glacier-iceberg-2969/>
- <https://pxhere.com/es/photo/888958>
- <http://www.publicdomainpictures.net/view-image.php?image=211824&picture=&jazyk=ES>
- https://www.youtube.com/watch?v=h_BsP24WNVc
- https://www.youtube.com/watch?time_continue=11&v=4ipCtZlj8NM
- <https://www.youtube.com/watch?v=z2X9kQivCfc>
- <http://www.animales-en-extincion.com/hacer-papel-reciclado.html>
- http://vinculando.org/ecologia/papel_reciclado/paso_a_paso.html

Número de sesións: Unha por quincena.

Temporalización:

Durante todo o curso en sesións de 50 minutos.

Metodoloxía:

Traballaremos a través dunha metodoloxía activa e do descubrimento guiado, para que o alumno sexa capaz de construír as súas propias aprendizaxes de maneira autónoma. Apoiarémonos na maioría das actividades de soporte escrito, priorizando en todo momento o traballo a través da comunicación oral, axustándonos ás características do alumnado.

Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da unión europea:

O desenvolvemento desta unidade contribuirá ao desenvolvemento do conxunto das competencias básicas e competencias claves definidas no marco normativo, en especial ás seguintes:

Competencias sociais e cívicas Búscase desenvolver a capacidade de competencia cívica desde a participación eficaz no ambiente público, manifestando

solidariedade e interese na resolución de problemas que afectan á comunidade no plano global e local. Proponse o fomento da reflexión crítica e creativa das problemáticas ambientais buscando as súas raíces e consecuencias desde un enfoque social. Neste sentido, promóvese o desenvolvemento de cidadáns comprometidos e activos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Proponse fomentar a habilidade para transformar as ideas en actos. Esta competencia, relaciónase coa capacidade de planificar e xestionar proxectos (neste caso ligados a propostas de acción para enfrontar o cambio climático), alcanzando os obxectivos propostos.

Obxectivo xeral:

O obxectivo final é que o nenos/as logren **comprender** o perigo que suscita para a nosa sociedade, o problema do cambio climático, sendo capaces de **identificar** as súas causas e consecuencias e de **posicionarse** como suxeitos activos e críticos fronte a esta realidade.

Obxectivos específicos:

1. Contribuír á construción dun novo modelo de sociedade baseado nos principios da sustentabilidade, a través da educación ambiental.
2. Favorecer o coñecemento da problemática ambiental do cambio tanto a nivel local como global.
3. Xerar unha conciencia crítica e reflexiva sobre as problemáticas ambientais actuais.
4. Fomentar unha actitude construtiva e activa en procura de accións de intervención para a procura de solucións fronte ao cambio climático.
5. Promover valores a favor do coidado do planeta e a configuración de sociedades ecolóxica.
6. Desenvolver redes de participación, involucrando á comunidade educativa no seu conxunto en propostas e proxectos de intervención ambiental.

Contidos:

1. CIENCIAS DA NATUREZA

- A mellora e a conservación do medio ambiente.
- A observación, selección e rexistro da información.
- O papel das persoas nos cambios, a recuperación e conservación do medio natural.
- O valor da vida en plantas, animais e seres humanos.
- O rol das persoas na conservación do medio natural, os seus cambios e a súa recuperación.

2. CIENCIAS SOCIAIS

- As formas de conservar o ambiente.
- As actividades económicas e o seu impacto ambiental.
- Os problemas de contaminación do medio ambiente e as súas consecuencias.
- A obtención de información: observación, selección e rexistro.
- Os problemas de contaminación do medio ambiente e as súas consecuencias para a vida das persoas.
- Os cambios producidos no medio por accións voluntarias e involuntarias do home.
- A identificación, práctica e difusión de pautas de coidado e preservación do medio ambiente.

3. LINGUAXE E COMUNICACIÓN

- Lectura de imaxes. Construción de significados.
- Busca e selección de información.
- A produción colectiva de textos.
- Produción de debuxos e escrituras.
- A manipulación de material impreso, audiovisual, gráfico e dixital.
- A expresión de opinións e exemplos.

Actividades.

Entre outras realizaranse as seguintes actividades:

- Presentación de diferentes imaxes para a observación e a análise. Propoñer interrogantes para o debate sobre o cambio climático e a sensibilizar sobre a importancia da temática.
- Indagar que é o cambio climático e cales son as súas causas.

- Ver o vídeo do conto do Viaje de Kirima
- Busca de artigos periodísticos sobre o cambio climático.
- Coñecer os tres "R" Ver vídeos explicativos, analizando a información e os consellos que se expresan nos vídeos.
- Elaborar un listado de hábitos e accións a ter en conta para reducir o consumo de enerxía.
- Facer o noso papel reciclado.
- Taller de xogos fabricados a partir de elementos reciclados...

Criterios de avaliación.

- Identificar os elementos da natureza e do planeta.
- Describir o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.
- Realizar unha acción de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.
- Identificar e recoñecer a importancia de protexer a biodiversidade no planeta que habitamos.
- Describir as consecuencias que ten a sobreexplotación dos recursos naturais no medio ambiente.
- Participar na defensa do medio ambiente.
- Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.
- Coñecer os problemas de contaminación do medio ambiente e as súas consecuencias.
- Identificar e practicar pautas de coidado e preservación do medio ambiente.
- Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias

Indicadores de logro ou desempeño.

1. *Identifica os elementos da natureza e do planeta.*
2. *Describe o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.*

3. Realiza unha acción de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.

4. Identifica e recoñece a importancia de protexer a biodiversidade no planeta que habitamos.

5. Describe as consecuencias que ten a sobreexplotación dos recursos naturais no medio ambiente.

6. Participa na defensa do medio ambiente.

7. Desenvolve unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.

8. Coñece os problemas de contaminación do medio ambiente e as súas consecuencias.

9. Identifica e practica pautas de coidado e preservación do medio ambiente.

10. Promove accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias.

Avaliación:

Será continua, baseada na observación diaria, mediante a recollida de datos segundo un rexistro de ítems. Para avaliar o resultado utilizaremos a seguinte táboa de dobre entrada, sendo avaliada por cada un dos alumnos/as e polo docente. A táboa indícase os seguintes aspectos (SI (S), NON (N), Mellorable (Me).

Avaliación profesorado:

	S	N	Me
A experiencia resultou satisfactoria?			
Cal foi o sentir do alumnado?			
Os nenos/as foron protagonistas?			
Participaron as familias?			
O alumnado expuxo o seu proxecto?			
Foi axeitada a temporalización?			
Acadáronse os obxectivos específicos propostos?			

As actividades resultaron atractivas?			
Os recursos proporcionados pola biblioteca foron os axeitados?			
A metodoloxía de aprendizaxe empregada foi adecuada?			
Desenvolvemos os obxectivos iniciais?			
O proxecto aplicase a vida cotiá do alumnado?			

Avaliación do alumnado:

	S	N	Me
A experiencia resultouche satisfactoria?			
Consideraches que fuches o protagonista da actividade?			
A túa familia axudouche a entender os libros?			
Fuches quen de expoñer o proxecto ante os teus compañeiros/as?			
Deuche tempo a ler cada un dos libros?			
Fuches capaz de resolver as actividades plantexadas?			
Gustáronche os libros?			
Serías capaz de aplicar o que aprendiches ?			
Gustouche a maneira de traballar o cambio climático?			
Resultouche interesante o que liches nos libros?			

5º de E.P.

"NO SUEIRO O PLANETA TEN MELLOR PINTA,

PORQUE TRABALLAMOS EN CONXUNTO A AXENDA 20-30"

Obxectivo 15 da axenda 2020- 2030: Xestionar sostiblemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e invertir a degradación das terras e deter a perda da biodiversidade.

Neste curso escolar 2022/2023, o P.D.I. do CEIP Manuel Sueiro céntrase na importancia de lograr entre todos os obxectivos que se propoñen na Axenda 2020-2030. O grupo de 5º de Educación Primaria vaise centrar en diversas accións que permitirán crear conciencia da importancia de conservar os bosques e os ecosistemas, para elo utilizaremos diversos materiais entre os que se encontran os seguintes:

- Libros da hora de ler durante o curso escolar 2022/2023: ***En el corazón del Bosque.*** Agustín Fernández Paz. Ed. Anaya; ***A folla azul.*** Andrea Maceiras. Ed. Xerais; ***Cuando la Tierra se olvidó de girar.*** Fina Casalderrey. Ed. Sm; ***Cuentos para salvar el planeta .*** Anna Casals y Paolo Ferri,...
- Vídeos didácticos.

Número de sesións: Unha por quincena.

Temporalización:

Durante todo o curso en sesións de 50 minutos.

Metodoloxía:

Traballaremos a través dunha metodoloxía activa e do descubrimento guiado, para que o alumno sexa capaz de construír as súas propias aprendizaxes de maneira autónoma. Apoiarémonos na maioría das actividades de soporte escrito, priorizando en todo momento o traballo a través da comunicación oral, axustándonos ás características do alumnado.

Contribución ás competencias básicas e transversais e competencias claves da unión europea:

O desenvolvemento desta unidade contribuirá ao crecemento do conxunto das competencias claves definidas no marco normativo, en especial ás competencias sociais e cívicas, ás de aprender a aprender e ás do sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Buscarase o logro da conciencia social e da intervención no medio e porase en valor a creatividade e o traballo en equipo na resolución de problemas ambientais.

Obxectivos xerais:

Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo.

Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

Ser capaz de coñecer e identificar as súas emocións e interpretar os seus sentimentos e así poder xestionalos como instrumento de mellora da convivencia cos demais sendo unha das ferramentas fundamentais para mellorar o autoconcepto e a autoestima.

Obxectivos específicos:

- 1 *Apreciar o patrimonio natural e os espazos protexidos de Galicia e España.*
- 2 *Comprender o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.*
- 3 *Coñecer as principais causas de despoboación en Galicia e España e as súas consecuencias inmediatas e a longo prazo.*
- 4 *Entender a interrelación entre o problema de despoboación e o desequilibrio dos ecosistemas en Galicia, España e Europa.*
- 5 *Valorar a agricultura e gandería sostíbeis como un modo de loitar contra a deforestación e os incendios no rural galego.*
- 6 *Realizar accións de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.*
- 7 *Recoñecer a importancia de protexer a biodiversidade nos nosos bosques.*
- 8 *Promover a nosa capacidade como defensoras e defensores das especies autóctonas e da diversidade das especies.*

- 9 *Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.*
- 10 *Aprender sobre o papel das mulleres, novas e comunidades ao redor do mundo na defensa do medio ambiente.*
- 11 *Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias.*
- 12 *Coñecer e practicar a empatía como instrumento para mellorar a convivencia cos demais.*

Contidos:

1 *O medio ambiente: coidado, sobreexplotación, biodiversidade, ecosistemas, agricultura e gandería sostibles, especies autóctonas...*

2 *Problemas que afectan a biodiversidade do noso entorno: incendios, ecosistemas en desequilibrio, deforestación, abandono do medio rural...*

3 *A sociedade e a xeografía: tipos de poboación, asentamentos, movementos poboacionais...*

4 *O modelo de consumo responsable.*

5 *Papel da muller na defensa do medio ambiente.*

6 *Diferentes emocións: tenrura, amor, odio, ira, irritación, tensión, alivio, serenidade, felicidade, alegría, tristeza, compaixón, remorso, culpa, vergoña, seguridade, timidez, confusión, medo, asombro, noxo, hostilidade, aceptación, incompreensión, desamparo, soidade, nostalxia, melancolía, aburrimiento, ilusión, entusiasmo, euforia, desalento, decepción, frustración, admiración, envexa, desexo, satisfacción, orgullo, pracer, gratitude...*

Criterios de avaliación.

1 *Practicar a empatía nas relacións cos demais como instrumento para mellorar a convivencia cos outros e o respecto por todos os seres vivos.*

2 *Coñecer as principais características poboacionais do noso contorno.*

3 *Reflexionar sobre as causas de despoboación en Galicia e España e as súas consecuencias inmediatas e a longo prazo.*

4 *Coñecer o funcionamento dos ecosistemas e a facilidade de que sofren desequilibrios por mor da acción do ser humano.*

5 Coñecer as principais causas dos incendios no rural galego e valorar a agricultura e gandería sostibles (aldeas modelo...) como un modo de loitar contra eles e contra a deforestación.

6 Describir o papel que temos en coidar o medio ambiente que nos rodea e no resto do mundo.

7 Realizar accións de coidado do medio ambiente que podamos compartir co resto da contorna educativa e comunitaria.

8 Identificar e recoñecer a importancia de protexer a biodiversidade nos nosos bosques.

9 Describir as consecuencias que ten a sobreexplotación dos recursos naturais no medio ambiente.

10 Desenvolver unha posición crítica e participativa con respecto ao noso modelo de consumo, a relación coa natureza e a utilización sostible dos recursos naturais.

11 Coñecer o papel das mulleres, novas e comunidades ao redor do mundo na defensa do medio ambiente.

12 Promover accións de mobilización e incidencia polo coidado do medio ambiente nas nosas contornas educativas e comunitarias.

Indicadores de logro ou desempeño.

1 Utiliza a análise de causas e modos de actuación derivados de diferentes emocións como ferramentas para a mellora da convivencia cos demais e como ferramenta de resolución pacífica de conflitos.

2 Utiliza a empatía á hora de analizar diferentes situacións e como ferramenta para ofrecer modos de actuación que melloren a convivencia cos demais.

3 Utiliza o coñecemento das propias emocións e dos sentimentos positivos para mellorar o seu autoconceito e autoestima.

4 Identifica os elementos da natureza e do planeta.

5 Reflexiona sobre as causas de despoboación en Galicia e España e as súas consecuencias inmediatas e a longo prazo.

6 Coñece as características dos ecosistemas e a facilidade de que sofren desequilibrios por mor da acción do ser humano.

